

Política e obxectivos de calidade

A Facultade de Ciencias da Comunicación no seu conxunto, recoñece a relevancia que posúe a xestión da calidade no actual contexto universitario, particularmente de cara a garantir programas formativos que satisfagan as demandas de excelencia derivadas do citado contexto, así como da sociedade á que este centro presta servizo.

Tomando como referencia a política de calidade marco definida pola Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Ciencias da Comunicación desenvolve a súa política de calidade específica, centrada -desde o punto de vista dos órganos de dirección e xestión- no mantemento dun vicedecanato de calidade, pioneiro na USC, cuxa actividade resulta transversal a tódolos resortes de xestión do centro; ao tempo que outorga un rol protagonista ás comisións de títulos no desenvolvemento de programas formativos; mantén activos os labores de coordinación docente dos títulos; empra a Comisión de Calidade do Centro como artífice da planificación e execución das actividades anuais propias dun Sistema de Garantía de Calidade vivo; designa ó alumnado titor como interlocutor principal entre o SGC e o grupo de interese estudantes, ao tempo que recoñece no Comité Consultivo a principal vía de conexión co tecido empresarial e institucional de potenciais empregadores.

Consecuentemente, a Facultade de Ciencias da Comunicación asume o compromiso de garantir a calidade, definida no marco do seu SGC, e establece a súa política en atención aos seguintes principios:

- **Responsabilidade:** proporcionar unha formación baseada na excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos seus destinatarios e, de modo máis amplo, da sociedade en xeral, que redunde na profesionalización dos seus medios de comunicación, das súas industrias culturais e creativas, e na consolidación das estruturas democráticas que dan soporte á cultura.
- **Integración, participación e igualdade:** atender ás necesidades dos distintos grupos de interese, habilitando múltiples vías de manifestación de opinións, parabéns, desacordos, queixas e protestas, incentivando a participación de todos os colectivos no desenvolvemento da vida académica, e particularmente, a súa representación nos órganos de xestión do centro.
- **Orientación ao alumnado:** garantir, no marco dos programas formativos, a orientación ao estudantado, principal receptor dos mesmos, asegurando a tal fin a dispoñibilidade do alumnado titor e delegados/as de curso, promovendo a participación do alumnado representante nos órganos de goberno do centro, garantindo o cumprimento do labor titorial do PDI, dos labores de coordinación docente dos títulos e dos labores de asesoramento do persoal de administración de servizos.
- **Transparencia:** acompañar a xestión dos programas formativos da difusión pública, actualizada, dos seus resultados diante dos distintos grupos de interese e da sociedade en xeral, emprazando, particularmente, para este fin á páxina Web e as redes sociais habilitadas polo centro.
- **Excelencia:** acadar os niveis que marcan os principais modelos vixentes de xestión da calidade universitaria, así como os centros de formación superior de referencia, en especial nos contextos español e europeo.

Considerando, asemade, o anteriormente sinalado, a Facultade de Ciencias da Comunicación ten como principais obxectivos de calidade:

- Asegurar unha formación baseada na excelencia, que favoreza o desenvolvemento das competencias e habilidades necesarias para o desempeño da actividade profesional dos seus egresados.
- Manter unha oferta académica axustada ás necesidades da sociedade e do entramado profesional, mediante a súa revisión continua e a estreita colaboración cos potenciais empregadores e con entidades externas socialmente representativas.
- Garantir a orientación ao estudantado, o desenvolvemento de actividades formativas complementarias, a mellora dos programas de prácticas externas e de intercambio.
- Promover e facilitar aos colectivos PDI e PAS a formación necesaria para a realización da súa actividade profesional, consonte a un entorno sociolaboral en constante transformación; a conciliación familiar; e a integración estable de ambos colectivos nas respectivas plantillas.
- Planificar as ensinanzas considerando a utilización eficaz dos recursos materiais dispoñibles. Manter e actualizar o equipamento e as instalacións que dan apoio aos programas formativos. Atender aos protocolos de prevención de riscos e seguridade laboral, e ás necesidades de accesibilidade e integración de persoas con necesidades especiais.
- Facilitar á comunidade universitaria e á sociedade en xeral unha información clara, accesible, actualizada e relevante sobre todos os aspectos relativos ao SGC e ás ensinanzas que se desenvolven ó amparo do mesmo.
- Garantir a revisión continua dos procesos de calidade do centro e a súa efectividade, así como a proposta e implementación de accións de mellora, tanto de carácter preventivo como correctoras.
- Cumprir cos procesos de calidade de modo autónomo e eficaz, tal como se deriva da obtención da Acreditación Institucional do Centro.

O Equipo Directivo da Facultade de Ciencias da Comunicación adquire, deste xeito, o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal a Decana subscribe este documento de política e obxectivos de calidade.

A decana da Facultade de Ciencias da Comunicación

Ana Isabel Rodríguez Vázquez

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANA ISABEL RODRIGUEZ VAZQUEZ, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/11/2023 14:25:37.

CSV: 6546-910A-4E24-AA33